



## BASES DO CONCURSO

### *AMOR, OU NON, EN 100 PALABRAS*

**Primeira.** Os participantes presentarán creacións literarias orixinais e inéditas -e non premiadas noutros concursos- en prosa. A **temática** será o amor, en calquera das súas manifestacións: **amor, desamor...**

**Segunda.** As obras deberán tener unha **extensión máxima de 100 palabras** e levarán título. Estarán **redactadas en lingua galega** e poden estar escritas á man ou a ordenador.

**Terceira.** Poderá participar calquera membro da comunidade escolar do IES Xosé Neira Vilas (Oleiros). O **prazo** de presentación abrírase o día 1 de febreiro de 2011 no primeiro recreo e **remata o 10 de febreiro no segundo recreo.**

**Cuarta.** Os microrrelatos **entregaranse na biblioteca durante os recreos;** recolleraos o persoal docente con garda de biblioteca.

Os participantes deben **presentar as obras dentro dun sobre, cun pseudónimo** ou nome falso por fóra. Dentro deste sobre, incluírase tamén, ademais do texto literario, outro sobre máis pequeno que conteña dentro os datos do autor ou autora: o nome completo e a clase ou colectivo ao que pertence.

**Quinta.** Os traballos **serán expostos,** segundo se vaian presentando, nun lugar accesible e visible do centro.

**Sexta.** As obras **serán avaliadas por unha comisión** designada polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega e mais polo equipo da biblioteca do IES Xosé Neira Vilas. Esta proclamará o texto gañador do concurso e a súa decisión será inapelable.

**Sétima.** O **anuncio da obra gañadora** do concurso farase o día 14 de febreiro. Terá lugar na biblioteca, no 2º recreo.

**Oitava.** O gañador ou gañadora recibirá un **premio** sorpresa e un diploma acreditativo.

**Novena.** O microrrelato gañador poderá ser transformado nun vídeo-relato, que será colgado na páxina web [iesneiravilas.org](http://iesneiravilas.org).

**Décima.** A participación no concurso implica a aceptación destas bases.